

D/Dna. \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_,  
actuando no meu propio nome e representación, con enderezo a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_  
polo presente comparece ante esa Administración e, como mellor proceder en Dereito, DIGO:

Con data 4 de xullo de 2022 foi publicado no DOG nº126 acordo de 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097).

Que, en tempo e forma, polo presente, en contexto do trámite aludido, procédese a avaliar seguintes:

## **1. FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA**

Segundo indica o EsIA na súa páxina 2:

El parque eólico Legre pretende evacuar la energía producida en sus instalaciones a través de una línea aérea de alta tensión denominada "LAT 132 KV Evacuación PE Legre", la cual es objeto de proyecto independiente. Dicha línea parte de la SET PE Legre hasta entroncar en el apoyo nº44 de la denominada "LAT 132 KV SET PE Abrente – SET PE Gasalla" y, desde esta subestación a través de la "LAT 132 KV PE Gasalla – SET Colectora Mesón", se evacúa la energía generada en el PE Legre y los demás parques del clúster hasta la "SET Colectora Mesón 132/220 kV", donde otros parques de esta sociedad, así como de otros promotores elevan la tensión a 220 KV. El punto final de conexión a la red es la SET Mesón do Vento 220 KV

Cabe, pois, cuestionarse se o Parque Eólico de Legre non é apenas unha parte dun PE maior na medida en que, por si só (ou sexa, compartilla elementos esenciais como a subestación e a liña de evacuación con outros Parques Eólicos) non podería operar, fora desta malla industrial.

Á vista da xurisprudencia contencioso-administrativa, existe fragmentación fraudulenta de proxectos eólicos que deben ser considerados unitariamente cuando *“la energía resultante ha de inyectarse mediante una sola línea de conexión del parque eólico en su conjunto a la red de distribución o transporte de electricidad”* de modo que cabe afirmar a existencia de fragmentación fraudulenta cando o parque *“carece de los elementos y equipamientos necesarios para ser considerado una instalación independiente”*, por todas, Sentenza do

TSX de Galicia 269/2020, de 17 de novembro. E isto é así porque “*se han de tomar en consideración todos los elementos que el parque precise para que funcione ... sin que constituya argumento que justifique su no consideración que la titularidad de los parques corresponda a empresas distintas*”, por todas, Sentenza do TSX de Castela e León 805/2012, de 27 de abril. En todos estes casos, a fragmentación supuxo a anulación da autorización do parque eólico.

## **2. O PROXECTO INCUMPRE AS PREVISIÓNS DO PNIEC 2020-2030. NON CONSIDERA A REPOTENCIACIÓN COMO ALTERNATIVA**

Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2020-2030, de acordo co incluído na súa Avaliación Ambiental Estratéxica contempla como medida a seguinte:

*“La remaquinación o repotenciación de proyectos existentes permite un mejor aprovechamiento del recurso renovable por la substitución de sistemas obsoletos o antiguos por otros nuevos de mayor potencia o eficiencia. Por otro lado, tanto estos mecanismos como la hibridación mediante la incorporación de distintas tecnologías de generación o de almacenamiento a proyectos existentes permiten un mejor uso de la capacidad disponible de conexión a la red. Además, la actualización por sistemas que cumplan con los códigos de red más recientes reduce la afectación de la instalación sobre la red, lo que permitirá un uso más eficiente de la misma y facilitará la conexión de nueva potencia renovable en ese nodo.*

*A nivel ambiental, la remaquinación, repotenciación e hibridación pueden suponer un menor impacto al concentrar la generación renovable en un entorno concreto, reducir el número total de máquinas y por tanto la huella del proyecto y reducir la necesidad de nuevos tendidos de red”.*

Certamente, o PNIEC aínda non foi aprobado de forma definitiva mais non debe esquecerse que a medida que se vén de reproducir non é unha orixinalidade do programador español senón que foi tomada por este de documentos da UE que, como a xa referida Comunicación de 2020, aluden expresamente a esta alternativa como a opción que, permitindo un mellor aproveitamento do vento, produce menos impacto sobre o medio natural.

Se se ten en conta que, segundo recolle o propio documento do EsIA, o proxecto partilla elementos estruturais con outros parques, saber, Parque Eólico Abrente e Parque Eólico Gasalla, e que nun radio de 15 km do parque proxectado hai outros catorce parques xa autorizados ou en funcionamento (páx. 194 Memoria EsIA):

Por consecuencia, parece evidente que a opción de repotenciar algún dos parques existentes ou unificar algunhas das solicitudes de novos parques en tramitación é unha opción a considerar e que, necesariamente, debe ser valorada como alternativa no proceso de avaliación ambiental.

En conclusión, en cumprimento do disposto na normativa estatal e europea reguladora da avaliación de impacto ambiental de proxectos e planos, dentro do exame das alternativas debería terse incluído a integración da potencia eólica prevista nalgún dos parques eólicos xa en funcionamento ou en tramitación.

### **3. DECLARACIÓN DE INTERESE AUTONÓMICO. NON CORRENCIA DOS REQUISITOS DO ART. 41.2.C) DA LEI 1/2021 DO 8 DE XANEIRO, DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA.**

O artigo 41 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece os requisitos esenciais para a Declaración de interese autonómico. En concreto, no seu apartado 2. C, indícanse:

**41.2. c) Características nas que se fundamenta o interese autonómico, xustificando e motivando os seguintes aspectos:**

**1º. Que as actuacións previstas transcendan o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, pola súa magnitude ou polas súas singulares características, que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, sen que sexa suficiente xustificación a súa situación en terreos de varios termos municipais.**

**2º. Que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica, ou que sirvan para desenvolver, implantar ou executar políticas sectoriais previstas na lexislación sectorial, ou que a declaración de interese autonómico é necesaria para garantir a adecuada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes ou a súa adaptación ao contorno no que se localicen.**

Cabe sinalarse, pois, que o recoñecemento das actuacións de “interese autonómico” son, en exclusivo, aquelas iniciativas, proxectos ou actividades que teñen un impacto económico, social, ambiental ou loxístico que a) superando o estrito ámbito dun municipio, b) teñen unha transcendencia vertebradora, estruturante e dinamizadora de carácter excepcional e singular.

Noutras palabras, non chega para a súa xustificación a súa instalación en varios municipios, senón que, ademais, ten de estar acreditada existencia dun “interese xeral” para a aprobación superior. Isto, por canto estamos diante dun concepto tan aberto e xenérico, por todas, sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 18 de maio de 2020 (rec. 5668/2017), que o define como un concepto cuase-indeterminado no ámbito da súa aplicación. Polo que a súa xustificación non ven dada *ab initio* polo proxecto proposto senón que debe ser acreditada substantivamente e non apenas formalmente.

Así sendo, ao analizarmos a xustificación da mercantil promotora do Parque Eólico do Legre, segundo o documento de declaración de interese autonómico presentado, observamos a xustificación que segue:

Páx. 1 da Declaración de Interese Autonómico:

**“El proyecto sectorial del Parque eólico Legre se encuentra dentro del Área de Desarrollo Eólico de Mesía, incluida dentro del Plan Sectorial Eólico de Galicia actualmente en vigor y por tanto se calificaría como Proyecto de interés autonómico previsto, lo que lleva aparejado la Declaración de Interés Autonómica directa.”**

Páx. 3:

*“es de capital importancia permitir una rápida tramitación de los expedientes administrativos de autorización de proyectos eólicos de cara a competir con los diferentes territorios estatales, por lo que se espera que con las reformas impulsadas por la Ley 5/2017 de 19 de octubre, de fomento de la implantación de iniciativas empresariales en Galicia, se permita presentar en esta Comunidad Autónoma la mayor cantidad de proyectos que aprovechen su privilegiada situación respecto al recurso eólico.”*

Páx 13 e 14:

*. JUSTIFICACIÓN DEL INTERÉS PÚBLICO Y SOCIAL.*

*Conforme al acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia de 5 de Diciembre del 2002, la Dirección General de Industria, Energía y Minas resuelve el 20 de diciembre la publicación en el DOG de la aprobación definitiva del plan sectorial de incidencia supramunicipal del Plan Eólico de Galicia, que adopta entre otras las siguientes medidas:*

- Aprobar definitivamente el plan sectorial de incidencia supramunicipal, denominado “Plan Eólico de Galicia”.*
- Vincular el planeamiento territorial de los municipios afectados a las determinaciones indicadas en los proyectos sectoriales.*

*De conformidad con el artículo 59 de la Ley 1/2021, de 8 de enero, de ordenación del territorio de Galicia*

*(...)*

*En el mismo sentido se pronuncia la Ley 2/2016 de 10 de febrero, del suelo de Galicia, en el artículo 85 del capítulo IX referido a los efectos de la aprobación de los instrumentos de planeamiento urbanístico establece:*

*“Artículo 85 Declaración de utilidad pública*

*1. La aprobación de los instrumentos de planeamiento urbanístico implicará la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los bienes y derechos afectados a los fines de expropiación o imposición de servidumbres. [...]”*

***El interés público y utilidad social del Parque Eólico objeto de este proyecto, queda justificado en virtud de lo expuesto en este apartado y por encontrarse dicho Parque dentro de las áreas delimitadas en el Plan Sectorial Eólico de Galicia, aprobado definitivamente por el Consello de la Xunta de Galicia.***

Á vista xustifica ofrecida pola promotora observamos que a única transcendencia que se alega no proxecto é o seu carácter supramunicipal, o que resulta claramente insuficiente para acordar o seu interese público.

Respecto das análises ofrecidas pola promotora para xustificar a función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica do parque eólico, na súa páx. 15, indica:

*“La poligonal del parque eólico Legre se sitúa entre los municipios de Mesía y Oza-Cesuras, en la provincia de A Coruña. Una industria de alto valor tecnológico como es la del sector eólico, tanto desde el punto de vista local como desde el punto de vista autonómico, supone un impulso a la política de desarrollo de alta eficiencia.*

*La localización de este parque eólico en el municipio mencionado tendrá un efecto positivo en la economía local. La mejora de la riqueza municipal, con la generación de nuevas oportunidades para la creación de empresas y la incorporación de profesionales locales ayudará a paliar el desarraigo de la población, especialmente la de menor edad, clave para frenar el envejecimiento vegetativo de la población.”*

Estamos, de novo, diante dunha xustificación meramente formal, sen rigorosidade e valoracións subxectivas, conforme aos propios intereses económicos da promotora, sobre os beneficios dunha instalación de tan gravísimo impacto. Deste xeito, a transcendencia económica é meramente valorativa, non se xustifica o retorno social do proxecto e o emprego que xenera é temporal, puntual e de baixa calidade. En suma, a mercantil promotora non xustifica o interés autonómico do proxecto eólico, que non deixa de ser outro proxecto eólico máis, dos moitos que se están a tramitar arestora por parte da Xunta de Galicia. Estaríamos ante un caso de fraude de lei e desviación de poder que non deba ser amparada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Ademais do anterior, o O EsIA reconece que efectos ambientais, paisaxísticos e sobre a calidade de vida que o parque eólico produciría sen indicar compensación económica algunha sobre os concellos afectados. Ben polo contrario, as repercusións do proxectos só poden valorarse de xeito negativo sobre outros sectores económicos como o da explotación forestal. Así mesmo, resulta relevante a ausencia no Estudo de Impacto Ambiental dunha avaliación da aceptación social do proxecto. Non esquezamos que se trata dun requisito derivado do art. 1 do Convenio de Aarhus que establece:

*“A fin de contribuir a proteger el derecho de cada persona, de las generaciones presentes y futuras, a vivir en un medio ambiente que permita garantizar su salud y bienestar, cada Parte garantizará los derechos de acceso a la información sobre el medio ambiente, la participación del público en la toma de decisiones y el acceso a la justicia en materia medioambiental”*

Deste modo, a falta de estudo e análise da aceptación e valoración social non ten xustificación algunha, e mais aínda se o pomos en relación co Dictamen de 28 de xaneiro de 2004 do Comité Económico e Social Europeo: *“un obstáculo grave y cada vez mayor al aumento del uso de las energías renovables es la resistencia de la opinión pública. Al decidir sobre la ubicación siempre hay que tener en cuenta la aceptación de la zona”*.

Estamos, logo, ante un impacto non avaliado pola mercantil promotora, pois o interese público e a utilidade social do proxecto, como sinalamos, debe acreditarse substantivamente. E á vista do forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia non só non existen elementos obxectivos para a súa declaración de interese autonómico, senón que subxectivamente carece de aceptación social sobre a que soste esa caracterización.

Polo contrario, a instalación do parque eólico afondará no éxodo rural e na devaluación do valor dos inmobles e propiedades colindantes. Estes elementos en absoluto foron avaliados pola promotora, o que invalida calquera utilidade pública do proxecto, sendo os impactos tremendamente negativos sobre os inmobles e outras propiedades insertas e colindantes co parque eólico, tal como se ten acreditado a literatura especializada, por todos, Gibbons, S. (2015). Gone with the wind: Valuing the visual impacts of wind turbines through house prices. *Journal of Environmental Economics and Management*, 72, 177-196.

Pero tamén, a instalación do parque eólico afondará na destrución das formas de vida. A agresión que supón ás paisaxes construídas a partir das vidas das persoas e as súas percepcións, que son fundamentais para o sentimento de identidade e o benestar das persoas. Trátase de paisaxes identitarias das persoas que constrúen e viven na paisaxe en si, cuxas miradas probablemente non son panorámicas, nin sequera admiran, pero cuxas percepcións sensoriais descenden aos máis pequenos detalles, identificando paisaxes de vida, soños, símbolos.

A maior abastanza, para a declaración de interese autonómico non se analizou tampouco os danos económico ligados ao uso do monte e os prexuízos ás explotacións agrogandeiras. En primeiro termo, o monte é un sector estratéxico na economía galega que contribue a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Es este aspecto non avaliado pola promotora, especialmente en relación ás afeccións ao uso do monte e ás explotacións forestais e agrogandeiras, sendo estas a principal fonte de riqueza e xeradora de emprego estable, descarbonización da economía e dunha contribución importante ao PIB galego, en consonancia co art. 25 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética. A empresa promotora, xa que logo, non avaliou os impactos do proxecto sobre destas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados. É por tanto un proxecto industrial agresivo non só coa paisaxe senón tamén incompatible co medio de vida e o benestar das familias porque implica unha transformación severa e incluso agresiva para o seu sustento económico e á base das economías familiares do rural afectado.

En conclusión, non concorren os requisitos para a declaración de interese autonómico por se basear unicamente no carácter supramunicipal sen acreditar, substantivamente, que as actuacións previstas posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio, de impulso e de dinamización demográfica. En dirección oposto, o informe elaborado pola promotora, mesmo en conexión co Estudo de Impacto Ambiental, é deficiente, meramente formalista e insuficientemente xustificativo.

**4. O proxecto eólico non é coherente co índice de sensibilidade ambiental** do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

**5. Incúmpranse as distancias mínimas a núcleos de poboación** (segundo o Plan Sectorial Eólico de Galicia e Lei 18/2021) afectando aos seguintes núcleos:

6. No concello de Oza-Cesuras: **A Armucela, A Braña, A Caneta, A Espiñeira, A Fontecativa, A Igrexa, A Quenlla, As Pardiñas, Azoí, Brufe, Castro, Cova, O Barral, O Castillo, Os Canedos, Os Leiros, Os Peteiros, Pedre, Piñoi, Recelle, San Gregorio, Sesto, Torre e Torres.**
7. No concello de Mesía: **A Pedreira, O Monte, Os Blancos, Paredes, Santa Uxía, Sobrado, Vilanova e Vilar.**
8. **O proxecto non contribúe á consecución dos obxectivos enerxéticos das Directrices Enerxéticas 2018-2020 da Xunta de Galicia** (o 85 e 90% do consumo eléctrico galego proveña de fontes renovables).
9. **Non se avalían os efectos sobre as concentracións parcelarias**, ao igual que non se teñen en conta os efectos sobre o cambio de cualificación urbanística de 200m.
10. **Os puntos de escoita para o estudo de predición acústica non están ben escollidos**, xa que minimizan parcialmente os niveis de ruído provocado polos aeroxeradores.
11. **O estudo paisaxístico está minimizado** e a área de estudo establecida non é o suficientemente ampla para determinar o impacto.
12. **Non se avalía de forma obxectiva a alternativa 0** en relación a todos os aspectos ambientais e socioeconómicos.
13. **Incompatibilidade coa rede de gasodutos**: as instalacións do P.E. teñen clara incidencia sobre o tramo "Tui-Vilalba (ramal a Curtis)" e non é avaliado nin tido en conta.
14. **Os efectos sobre a rede fluvial atópase claramente minimizado e infravalorado.**
15. **Non se analiza a repercusión da rede RETEGAL na análise dos campos electromagnéticos**, estando o P.E. situado en parte dunha área denominada preferente para a súa instalación e próximo a unha antena.
16. **O P.E. está situado na Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo** e nunha Zona de Importancia para Mamíferos (ZIM) causando unha gran afección.
17. **Non se cumpren parte das directrices propostas por SEO/Birdlife** para a caracterización da comunidade faunística de aves e morcegos.
18. **O impacto acústico durante a fase de obras está minimizado.**
19. **Afección acústica importante sobre o gando salvaxe** na fase de construción e na fase de funcionamento.

Por todo isto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente o procedementos de solicitude de solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097) conforme o exposto no corpo deste escrito.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de agosto de 2022

ASINADO: